


ESCOLA DE ARTES E OFICIOS
DEPUTACIÓN OURENSE

Raíces





Mirando ao ceo co meu avó
LUZ MARÍA TABOADA FERNÁNDEZ
Terracota e engobe. 21 x 22 x 9 cm



Abrazo
JESÚS CID. Arxila branca
chamotada. 37 x 18 x 21,5 cm



**Deuses esquecidos
que noutrora adoramos**
RICARDO "VEIGANO"
Terracota. 35 x 11 x 17,5 cm

Raíces

"A raíz do toxo verde,
é moi mala de arrincare,
os amoriños primeiros,
son moi malos de olvidare."

Pandeirada

Nesta primeira exposición colectiva de proxectos de creación propia dos alumnos e alumnas da Escola de Artes e Oficios de Ourense escollemos o concepto raíces. Coincidentemente, neste 2025 o Día das Letras Galegas dedicárase ao cancionero popular galego e ás cantareiras. Estes, xunto cas cantigas e cantos tradicionais, son un patrimonio vivo que perdurou durante séculos, como tamén o son os oficios e as disciplinas que nós traballamos. Un anaco dunha popular cantiga "a raíz do toxo verde, é moi mala de arrincare", parécenos uns versos moi axeitados para definir o que se pode descubrir nesta mostra.

Nesta exposición, os nosos alumnos e alumnas dan un paso adiante na súa formación como pintores/as e escultores/as en madeira ou en barro. O detonante foi a participación nesta mostra e as únicas directrices son as de basearse no concepto escollido para desenvolver unha obra propia.

Durante meses traballaron na creación dos seus proxectos persoais con todo o que isto implica. O proceso artístico, que ás veces semella sinxelo, é un proceso complexo que non só depende de habilidades técnicas ou dunha visión estética senón que, sobre todo, precisa dunha fonda reflexión, moitas veces introspectiva que fai propio o concepto e o material co que se vai traballar. Os bosquejos, as probas e o propio diálogo co material fan parte desta viaxe que é a creación artística.

Que sae das raíces?

MILA ALONSO

Terracota, vidro, corda, luz artificial, polas e raíz de madeira. 43 x 36 x 33 cm





Latoeiro

CRISTIAN ANDRADE PEREIRA

Arxila negra, chapa de aceiro e pezas de coche antigo. 21 x 36 x 37 cm

Dende a pintura, a talla, a olería e o modelado de barro, cada obra expresa unha visión particular do concepto de raíces, dotando a esta exposición dun interese amplo para o espectador e levándoo a un afondamento en cada obra e na psique humana; nesta mostra unhas “raíces” poden ser unha lembranza cara a nenez, ou cara as representacións, trazos característicos ou oficios dos devanceiros, así como ser un punto de reflexión sobre os afectos, as inquedanzas ou a incerteza. A terra física e simbólica está moi presente, a paisaxe que lembramos ou de onde partimos é punto de enraizamento no que

coinciden varias das obras pero tamén cabe unha reflexión sobre a experiencia da migración como contraste cando temos que desenraizarnos do soto onde nos criamos por necesidade e aquí as raíces tinguense doutra emoción.

Dentro do imaxinario dos nosos e nosas artistas tamén atopamos visións cara o futuro, como conexións de redes neuronais, que xeran tránsitos sobre a física cuántica ou as intelixencias artificiais e propoñen cuestións sobre o futuro ao que nos levan as nosas “raíces” como sociedade. Noutra das vías



Ovarilum, Sía

AIDA ARGIBAY MONTES

Arxila negra, arxila branca, engobe e vidriado. 24 Ø cm

que o noso rizoma de artistas escolleron atopamos pezas que reflexionan sobre o propio pensamento dende a filosofía, ou dende as crenzas relixiosas.

Obras de alumnos e alumnas de materias diferentes xeran diálogos cas súas diferentes visións sobre o mito e o logos e como a arte, dende tempos prehistóricos, é un medio para expresar os pensamentos e desexos máis profundos da humanidade. Atopámonos con outras obras onde as raíces son sinónimo de orixe, orixe do universo, ou da evolución da vida no noso planeta ata chegar á visión da muller como orixe do



Panspermia

ÁNGELA BLANCO

Arxila negra, vidriado e luz artificial. 24 x 36 Ø cm

mundo lembrándonos a famosa obra de Courbet "L'Origine du monde"; nesta perspectiva feminista achamos as orixes do universo que semellan óvulos medrando ou un peito que aleita e que mestura a raíz da vida que é a nai xunto co rizoma que forman as propias glándulas mamarias. Esta imaxe anatómica conéctanos ca outra corrente desta exposición, as formas que nacen da abstracción organicista, neste conxunto de obras, os e as artistas deixáronse levar polo aspecto natural e biolóxico que lles inspirou o concepto e desenvolveron evocadoras formas abstractas ou próximas a abstracción. Cada



Fantasía de la vida
MANUELA FERNÁNDEZ ARAUJO
Óleo sobre lienzo. 73 x 60 cm



La raíz de la incertidumbre
LUCÍA GONZÁLEZ CURBELO
Óleo sobre lienzo. 73 x 60 cm



Águila

JOSÉ FERNÁNDEZ

Nogueira, cerdeira e vide. 46,5 x 35 x 59 cm

obra que se atopa nesta mostra colectiva é unha visión única, e a sinfonía que se crea ca superposición de cada unha destas visións fai desta exposición unha gran oportunidade de gozar da diversidade, algo que xa case é un trazo característico na nosa Escola, onde se xuntan persoas de moi diversos perfís, dende nenos e nenas ata persoas de máis de oitenta anos, xerándose así unha singular convivencia interxeracional ca arte e os oficios como nexo común.

Así, como reflexo da propia Escola de Artes e Oficios, nesta escolma de artistas temos dende unha escultura en madeira feita por un rapaz de 14 anos ata cadros e esculturas feitas por homes e mulleres de mais de setenta anos.

Por último os mestres e mestras sentímonos moi orgullosos e satisfeitos da viaxe que cada alumno e cada alumna realizaron para chegar á súa obra, e de ser parte disto acompañándoos no seu proceso de creación. Gracias ás súas obras, aprendemos, gozamos e emocionámonos.

Agardamos que esta mostra sexa unha raíz de moitas outras, e que a Escola e o noso alumnado continúe medrando e creando. E que por moito que se procuren arrincar as raíces da arte e da cultura en Ourense, como o toxo verde, nunca deixen de botar gromos.



Família

OVIDIO GÓMEZ CID

Madeira de haja. 50 x 34 x 5 cm



Camiño longo

MUIÑO

Madeira de tileiro policromada. 40 x 50 x 18 cm



Moucho

BELÉN L. AREAL


Madeira de tileiro policromada. 25,5 x 17 x 12 cm



Un fio

ALBA FERNÁNDEZ.

Arxila branca e vidriado. 52 x 47 x 3 cm



Nieto

HÉCTOR NIETO

Madeira de haia policromada e caña. 12 x 5 x 35 cm (sen caña)



Chichitia (-Náhuatl: amamantar/dar de comer)


SARA MERCEDES LAZARÍN MEJÍA

Terracota, arxila branca, engobes e vidriado. 18 x 20 Ø cm



Caminos cruzados

RAFAEL ÁNGEL RODRÍGUEZ RAMOS
Colaxe. 73 x 54 cm



Xuntanza de irmáns voltando ás raíces

CLARA RODRÍGUEZ MÍGUEZ
Óleo sobre lenzo. 73 x 60 cm



Mi primer parque

LOLA LLUCH. Madeira de tileiro policromada
12 x 30 x 13 cm



Aquí

"Enraizarse en los vínculos, no en un lugar"

CRIS LORENZO LÓPEZ

Terracota, engobes e vidriado. 24 x 18 x 18 cm



Raíces y el ciclo de la vida

MARÍA EUGENIA CONDE FILGUEIRA

Arxila branca chamotada, arxila negra, arxila de cores,
vidriado e musgo. 19 x 58 x 30 cm





▲ Ruínas

MARÍA DEL PILAR VÁZQUEZ PARDO
Óleo a auga sobre lenzo. 60 x 73 cm

▼ Raíz de futuro

MARÍA LUISA GARCÍA PÉREZ
Óleo sobre lenzo. 54 x 73 cm



Dami, el viajero del tiempo

INMA MALAGÓN.
Terracota, engobe, metacrílate e metal. 50,5 x 16 x 19 cm



▲ **Angustia**
ELADIO RODRÍGUEZ POMBO
Óleo sobre lenzo. 60 x 73 cm

▼ **Alberguería**
ROSA PARADELO FERNÁNDEZ
Óleo sobre lenzo. 60 x 73 cm





Mis padres... Mis raíces
MARÍA PILAR LARREA GINOT
Terracota. 25 x 22 x 7,5 cm



Santísima Trinidad
DINA ZIVEIRA
Terracota, engobe eacrílico. 33,5 x 9 x 10 cm



A terra e a vida
PAULA MANIEGA
Terracota e engobes. 26 x 23 x 17 cm



O culleiro

MARÍA DOLORES GUEDE CARBALLO
Óleo sobre lenzo. 60 x 73 cm



Spira mirabilis. Eadem Mutata_resurgo
ALBERTO BAHÓN. Arxila branca e vidriado.
13 x 19 Ø cm /c.ude.



▲ **Saudade**

JOSÉ MANUEL SEARA QUINTERO
Óleo sobre lenzo. 54 x 73 cm

▼ **Souto en Manzaneda**

ASUNCIÓN CARDOSO RODRÍGUEZ
Óleo sobre lenzo. 60 x 73 cm

ESCOLA
DE ARTES
E OFICIOS


CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL
DEPUTACIÓN OURENSE


DEPUTACIÓN
OURENSE



Progreso, 30.
32003 | Ourense
T. 988 317 893
centroculturaldeourense.com